OS ALBIÓIS PEQUENOS
y el arracada máxica

Cristóbal Ruitiña

Ilustracións Raquel Lagartos

OS ALBIÓIS PEQUENOS
y el arracada máxica

Cristóbal Ruitiña

Ilustracións Raquel Lagartos

FUNDACIÓN
PARQUE HISTÓRICO del NAVIA

Principao d'Asturias
Conseyeiría de Cultura, Política Llingüística y Deporte

Financiación:
Conseyeiría de Cultura, Política Llingüística y Deporte
Conceyos da comarca Parque Histórico del Navia

© Edición:
Oficina de Coordinación Cultural y Llingüística
Fundación Parque Histórico del Navia
Principao d'Asturias

© Testos: Cristóbal Ruitiña

© Ilustracióis: Raquel Lagartos

Diseño y maquetación: lloviendoletras

Impresión y encuadernación: Eujoa Artes Gráficas

Depósito legal: AS 01594-2025

Cristóbal Ruitiña, periodista de profesión, nacéu en 1977 e criouse entre Cangas del Narcea e Penafonte (Grandas de Salime). Xa dende qu'estudiaba a carreira en Barcelona, empezóu a escribir noticias. Dende aquela, finales dos noventa, ten escrito muitas máis, pa prensa, radio e televisión, algúa d'elas premiada (Fundación AENA, 2000; y Enriqueta González Rubín; 2005).

Tamén escribíu algús relatos, a mayoría inéditos porque namáis ye premiaron ún, en 2002, titulado *As truitas*, qu'acabóu salindo nun libro que publicóu el asociación cultural El Carpio de Grandas.

Despóis déuye pola novela, e sacóu *El Batallón Galicia*, en 2015, que mayormente trascurre en Grandas. D'aiquí a pouco vai salir outra, *El asesino de Sargadelos*, na qu'el mesmo protagonista interésase dende Penafonte pola misteriosa desaparición a principios del XIX d'Antonio Raymundo Ibáñez, marqués de Sargadelos.

Nos dez anos que van d'úa novela al outra publicóu algúa máis: *Rececho* en 2020, pola que recibíu el premio Bellvei Negre; e *Berrea* (2023), continuación del anterior. E seguíu escribindo relatos, qu'esta vez amablemente ye publicaron en revistas como *Trabatel, Viermo Carpinteiro* ou el programa das festas de Grandas.

Por esos anos tamén, de tanto leryes a os sous fiyos polas noites, quedóu tolo, e déu en pensar qu'él tamén era un autor de contos infantiles. E asina foi como, un día al ameicer, cuas únicas armas das palabras da familia, e tomando como escudeiro al ilustrador Luis Navazo, botóuse al monte da ficción infantil pa recrear cómo puideron ser aquelos primeiros tempos en qu'as terras entre el Eo y el Navia tuveron habitadas por *Os albióis pequenos* (2019).

E quedóu con ganas de continuar aquela historia e, d'ali a poucos anos, concebíu úa continuación, un relato que recibíu el premio Quiastolita e que, bebendo dos mitos gregos aiquí, dos artúricos aló, sigue afondando na historia pouco conocida del país eonaviego.

CRISTÓBAL RUITIÑA TESTA

–Veña, Nicer, esperta, temos qu'escapar.

Deva miraba al sou irmao, deitado nel tarrén da corte e, tamén, hacía el furado qu'empezaran a facer nos primeiros días da primavera e por unde agora podían marchar.

–¿Volviche soñar con elos? –díxoye él, refregando os oyos.

–Si. Y outra vez me dixeron que tíamos que marchar a Cariaca cuando houbera lúa grande.

Deva apartaba agora os palos y as foyas cuas que tapara aquel furado. Con dificultá, como sempre, porque aquelos soños nun a deixaban descansar ben. De fóra, entraba úa luz dura e cardoxa.

–¿E dixéronche outra vez el d'Ernes?

A nena miróu pal irmao, que nunca acabara de crer aquelo que ye dicían sous padres nos soños: Ernes, el xabaril branco, vai ir buscarvos cuando a lúa sía ben grande.

–Si, Nicer. Seguro qu'Ernes xa anda por aiquí.

Os nenos metéronse furado alantre e, sin problema, puideron chegar al monte. Anduveron todo hacía arriba, aspacio e con un pouco de medo, mirando de nun pisar núa cana ou de meter un pé na lama. Al cabo, xa mui cerca dos primeiros carbayos, cuando el herba se convertía en foya marela, puideron ver luz: era a da lúa que prendía el lombo branco d'Ernes. El xabaril nun sonríu, porque nun podía, pro si fozóu nel tarrén como facía cada vez qu'iban unde él cuando vivían na casa, aló en Cariaca.

–¡Ernes! –berróu Nícer, emocionado.

–¡Xxxxx...! –reprendéulo a irmá, enfadada–. ¿Queres que nos descubran agora que xa tamos lonxe?

Os nenos subiron al lombo d'Ernes e seguiron monte arriba, deixando a lúa á dereta e buscando cua oreya el río, hacía unde el xabaril avanzaba. Ben cedo ameicéu, máis cedo del que quixeran elos, porque agora cualquera podía velos, e muito máis empericados naquel animal desenorme. Por eso decidíu Deva qu'el miyor era salir del camín e meterse por entre os castañeiros.

–Teño fame –avisóu Nícer.

E pararon a roer úas castañas.

Al pouco, sentiron ruxidoiro e foron esconderse atrás d'úas pedras, un dolmen veyo medio tirado. E viron chegar un neno, que, con máis rixo qu'acerto, guiaba un rabaño de cabras.

–Nun vos escóndades, que xa vos vin... –berróu él, divertido–. Se queredes comer, teño queixo.

Saliu primeiro Deva e, despóis, Nícer, qu'inda quedóu un paso por detrás.

–Hola –dixo ela con precaución. Había muito tempo que nun vía un neno. Alí unde os tuveran pechados, trabayando de sol a sol p'aquela familia salagre, nun había ningún.

–Sentade, sentade –dixo el neno, que de seguida atopara sito enriba d'úa pena.

Compartíu con cada ún d'elos un pedazo de queixo. E despóis de comelo todo, queixo, castañas y algúa mazá que tamén levaba, perguntóu:

–¿E qué facedes aiquí?

–Imos a Cariaca –respondéu Deva sin pensalo, deixándose levar pola felicidá provocada por aquela fartura inesperada.

–¿A Cariaca? –dixo el neno sorprendido–. Sentín falar de Cariaca, sentín... ¿Nun queda máis ben hacía el mar?... Eso é mui lonxe... Teño entendido qu'é mui peligroso ir, que quedaron sin príncipe e qu'os qu'agora mandan nun acaban de mandar del todo.

–¿Que quedaron sin príncipe? ¿Por qué? –perguntóu Deva, nerviosa. Tamén Nícer escuitaba al lado d'ela con gran atención. Ernes, un pouco apartado, debaxo d'un gran loureiro que ye daba frescor, contemplaba a escena.

–Morreron, el príncipe Clutoso y a princesa Exeria, y agora mandamos os pésicos.

Nin Deva nin Nícer souperon qué dicir. ¿Papá e mamá morreran?

E, pasado un tempo, despóis de comprobar que nun tía máis comida con él, foi el neno el que volvéu falar:

–Además, aí por unde íbades nun hai máis que minas e nun sein se daríades chegado. Se, con todo y eso, queredes ir, teño un amigo que vos pode axudar –dixo, e, mirando al célo, añadíu–: Ta a pizcos de chegar.

Deva e Nícer, inda pesarosos polo qu'acababan d'escuitar, agradecéronye el xesto cua mirada, anque ben sabían que difícilmente podía confundirse Ernes de camín.

–De todos os xeitos, escondédevos miyor por aí, ben lonxe, anda. É un pouco raro e, ás veces, nun ye gustan as visitas.

Os nenos marcharon pa detrás del dolmen, unde tamén se meteu Ernes al velos.

Tando alí nun podían descubrilos, pro elos si podían ver. Y el que viron foi un soldado romano. Víranlos de ralo en ralo, aló en Cariaca, y, anque sou padre tamén los trataba, avisáralos algúa vez de que nun se fundaran nelos. Dende alí, tía que ser imposible escuitalos pro, por algúa razón, Deva si podía:

–Son albióis, us nenos, terán sobre dez anos... –dixo el neno.

–¿E nun serán esos que levaron presos pa Pesgos? –perguntóuye el romano–. Dizque escaparon.

–Ai, nun sein... –contestóu el neno xuntando os ombros–. Dígoche únde tan.

Deva, precatándose de que querían prendelos, coyéu a Nícer da mao e levóulo por entre os carbayos alantre. Sin ter que mandaryo, Ernes salíu turriar al romano pa qu'os nenos ganaran tempo.

Correron e correron, sin mirar atrás, sentindo, de ralo en ralo, us grandes estoupidos que los facían correr inda máis.

Pouco tempo máis tarde, e xa d'a cabalo del gran xabaril branco, chegaron a un río pequeno que baxaba cargado de lama e pedras.

-¿Qué ye pasa al río? -perguntóu Nícer, estrañado.

Pro Deva nun soupo qué responderye.

Buscaron úa ponte pa poder cruzalo e, xa cerca d'úa que viran cuando baxaban del monte, descubriron úa muyer intentando sacar un burro del augua. Rápidamente, foron axudarye. A muyer tiraba del rabo y elos, da muyer. Ernes tamén se lanzara por ver d'empuxalo. Al cabo, déronlo sacado y a muyer, agradecida, convidóulos a ir hasta á casa y ofrecéuyes a cea. Os nenos, outra vez famentos, dixeron que si cua cabeza.

Al pasar pol río, elos enriba d'Ernes y, a muyer, del burro, Nícer volvéu perguntar:

-¿Qué ye pasa al río?

A muyer, que, maraviyada, acababa de sentilo falar a primeira vez, respondéu, divertida:

-¡Ai! ¡Qué rapaz máis guapo! Pois eso é... polas minas... ¿Nun sentistes un gran estoupido? Pois despóis d'él vén todo eso: lama, e pedras, e pinta que tamén ouro... ¿E qué facedes por aiquí?

Deva, máis prudente esta vez, decidíu cambiar a versión.

-Buscamos el río grande.

-¡Ai! ¡Qué rapaza máis guapa! -volvéu dicir a muyer, outra vez maraviyada-. El río grande, ¿eh?... Pois por alí anda, si, tedes que cruzar este... ¿E qué ides buscar, el arracada?

Deva miróu pá muyer, estrañada. Nícer, como hipnotizado, nun podía quitar os oyos del augua.

-¿Qué arracada?

-¡Ui! ¡El arracada! -arrancóu a muyer, inda máis divertida. Por algúa razón, pasábalo ben con elos-. Dizque, nel fondo d'ese río, hai úa arracada d'ouro e quen sía a sacala ha convertirse en príncipe d'Albionia.

Nese momento volveron a sentir un gran estoupido, como os qu'escuitaran cuando fuxían del romano y el neno.

-¿E por qué nun a sacaron xa? -perguntóu Deva cuando el ruxidoiro desaparecéu del todo.

-Nun lo sein -dixo a muyer, sorprendida por aquel interés da nena-. Intentáronlo hai anos algús, pro nada. Dizque ta abaxo apegada.

-¡Pro qué mentiras yes cuntas, muyer! -berróu un home dende a porta d'úa casía e col teito xa mui gastado-. Deixa os nenos, que nun queren ouguir contos de veyos...

El home parecía divertido, de repente mui alegre, como se, de dalgún xeito, soupera qu'elos iban parecer por alí ou como se levara tempo esperando por daquén como elos.

-¡Entrade, entrade! -dixo animándolos a baxar da súa montura-. ¡Vaya cabalo grande que tedes! -añadíu, ríndose, al ver qu'Ernes nun era un burro-. ¡Entrade, que xa lougo chega a comida!

Deva e Nícer pasaron por delantre d'él, qu'argayaba algo nel horta, y Ernes marchóu pal monte qu'había atrás da casa. Dentro, el lume calentaba ben toda a estancia.

-¿E qué andades buscando por aiquí? -perguntóuyes el home en cuanto entróu cua pota cargada d'augua

Despóis d'él, a muyer metéu úas berzas e chisgóuyes un oyo con fiúnza.

-Vamos a Cariaca -atrevéuse a dicir al cabo Deva.

-¿A Cariaca? -perguntóu el home estrañado. E, como Deva asentíu, seguíu con rixo-: Mui lonxe ides, xa cerca del mar. ¡Sito peligroso, dizque! Pro non máis qu'Ocela, castro sin máis lei qu'a qu'impón el ouro que sacan d'estos montes. Precisamente, dizque alí desapareceron Clutoso y Exeria. ¡Puxéronyes úa trampa! E desque quedamos sin príncipes volvéusenos todo máis difícil. Xa nin podemos trabayar as minas el que queira. ¡Somos todos escravos! ¡Morreron os príncipes e morreron os fiyos y Albionia perdéuse!

E, al sentir esto, Deva, nel sito d'esmolerse como el outra vez, víu un pouco d'esperanza.

-¿Morreron os fiyos?

El home miróu pa ela, con preocupación.

-Ben, nun é tema este pa us neníos, pro xa qu'el queredes saber... si, eso é el que dicen. Qu'os pésicos mataron a Clutoso y a Exeria e tamén a os sous fiyos. Y os romanos, claro, mirando pa outro lado, como se nun fora con elos, e realmente nun vai con elos: con elos nada máis vai el ouro, que ben nos sacan d'estos montes. Levábanse ben con Clutoso y agora lévanse ben con este, que nun sein cómo se chama.

–¿Y eso del arracada?

Al sentir a pergunta, el home miróu pá muyer, salagre, culpándola de por únde taba indo a conversación.

–¡Nada! ¡Contos de veyos! Qu'el que saque el arracada vai recuperar el trono d'Albionia. ¡Pero qué carayada é esa!

Al dicir esta última palabra miróu pa os nenos, esmolido.

–Perdón –añadíu.

Deva deixóu escapar úa sonrisa e despóis seguíu perguntando:

–¿E cómo podemos saber únde ta esa arracada?

–¿Únde? Nun hai, home. El única que sigue dicindo qu'esiste é esa veya... ¿Cómo se chama? –interrogóuse–. ¡Navia! ¡Chámanye Navia! –dixo acordándose al cabo.

–¿Qué veya? –esta vez foi Nícer quen perguntóu, intrigado.

–Úa veya cega que cuida úas cabras e que bota el tempo facendo beberaxes. Vive debaxo d'úa pena alí unde el río grande se fai pequeno e deixa qu'úa ponte el cruce, ponte que, claro, vale máis nun cruzar, porque el que caya... el que caya... probe d'él, nenín.



A muyer, que ye parecéu qu'agora era él quen os asustaba, avisóu de qu'a cea xa taba e comeron hasta nun deixar miga na pota. Despóis, el home y a muyer foron durmir á corte, e deixaron pa os nenos el miyor da casa.

-Nun tedes présa mañá -dixeron antias de salir pa fóra-. Podedes tar os días que quéirades. Despóis de todo, en Cariaca nun hai nada.

Deva e Nícer deitáronse nel tarrén cansados, al lado del lume, a cabeza del ún nos pés del outro, como sempre. Pensaban en papá e mamá e na súa morte.

Al pouco, Deva espertóu, sobresaltada.

-Nícer, esperta, acabo de ter outro soño.

-¿Outra vez? ¿Con elos? ¿E qué che dixeron esta vez?

-Non, con elos, non; nin papá nin mamá salían. Eran estos outros, dos que nada sabemos.

-¿E qué pasaba? ¿Qué dicían? ¿Por eso m'espertas?

-Queren que quedemos pa sempre con elos, qu'imos ser os fiyos que tanto esperaban.

Nícer erguéuse d'arralón, preparado outra vez pa escapar á noite. Ernes volvéu alcanzalos como el outra vez, cuando xa nun podían dar un paso máis. Al chegar al río grande, e deixándolo á esquerda, afalaron a

Ernes pa qu'el baxara ben pegado á veira a ver se atopaban a ponte. Y atopáronla, salvando un paso estreto, pro mui pro que mui fondo. Abaxo, el río, qu'efectivamente era el máis grande que nunca viran, y úa casa, máis ben úas xestas contra úa pena que debía ter úa cova dentro. Fóra, outra vez, algúas cabras, un lume, e muitas, muitas prantas e flores. Os nenos baxaron d'Ernes, que foi descansar al monte. De dentro da casa chegaba un olor que nunca uliran. Al pouco, daquén saliu de dentro.

–¿Qué queredes, neníos? ¿Qué buscades por aiquí?

Dixera aquelo a muyer sin sequera mirar pa elos, dándoyes el lombo porque salía tirando de dalgúa cousa. Al volverse e verye a cara, nun yes pareceu muyer senón home. ¿Ou era muyer?

–Queremos chegar a Cariaca –dixo Deva pensando, nun sabía por qué, qu'aquela muyer difícilmente iba engañala.

–¡A Cariaca! ¡Nada máis e nada menos! –dixo ela, ou él, divertida, e mentras, a pouco y a pouco, iba achegándose a elos e deixándoyes ver el qu'arrastrara–. Poucos de por aiquí saben da esistencia de Cariaca e muito menos a conocen. Por conocer nun conocen nin Ocela, que queda muito máis cerca. ¿E vosoutros, conocedes Ocela?

Deva e Nicer negaron a un tempo cua cabeza.

–Miyor. Nun é ese sito p'andar us nenos. Xa sabedes el que yes faceron a os vosos padres.

Os nenos miráronse, máis que confundidos, intrigados.

-¿Sabes quén son os nosos padres? -perguntóu Nicer.

A muyer nun dixo nada. Nada máis se ríu e, agachándose, cortóu un pedazo d'aquelo qu'arrastrara hasta pousalo enriba das brasas e déuyelo a os nenos sin miraryes a os oyos. Os sous, os da muyer, á que chamaban Navia, pro que parecía máis ben un home, miraban a un sito alto por enriba d'elos.

-¿Nunca comestes d'esto?

Deva e Nicer nun dixeron nada hasta probalo.

-Non. ¿Qué é? -dixo ela.

-É peixe de por aiquí. Lamprea. ¿Gústavos?

Os nenos asentiron cua cabeza e, anque en teoría aquela muyer nun podía ver os sous xestos, parecía que si, que podía velos perfectamente.

Nicer quería perguntarye polos padres pro, nun sabía por qué, algo el botaba hacía atrás. ¿Medo?

-Nun teñas medo, nenín, pergunta el que queiras -dixo ela, mentras sentaba núa pedra.

–¿Cómo sabes quén son os nosos padres? –perguntóuye.

A muyer sonríu, entre sorprendida e contenta.

–Pode dicirse qu'el soñéin –dixo ela, mirando agora si pa Deva.

A nena respigóuse. ¿Cómo podía saber aquela muyer el que ye pasaba a ela?

–¡Pro comede, neníos, comede, qu'inda vos queda muita proba!

–¿Cómo, qué proba? –perguntóu Nícer empapizándose, inda col peixe na boca.

–¿E nun vides sacar el arracada?

Entoncias Deva dixo si, nun soupo ben por qué.

–Vale, pois se xa comestes, acompañádeme e dígovos únde sacala.

Os nenos meteron el que quedaba del peixe na boca. E, con impaciencia, esperaron a qu'a muyer s'erguera.

Ésta anduvo hasta debaxo da ponte e, tando alí, pegada a úa pena, señalóu hacía el medio del río.

–Alí ta, nenínos, ¿védesla?

Deva e Nícer foron unde ela y arrimáronse ben á veira por ver se vían el arracada. Y efectivamente víronla, pousada na parte máis fonda del augua.

–¿Temos que baxar hasta alí? –perguntóu Deva.

–Nun creo que faiga falta –dixo ela, erguendo úa mao por enriba da cabeza, como se chamara a daquén.

D'arralón, amañóuse gran ruxidoiro nel augua, qu'empezóu a bater contra el fondo e contra as penas. Y úa rayola caéu alí unde taba el arracada. Seguindo esa rayola subíu úa mao, que levaba aquel metal precioso nos didos. A mao achegóuse á veira hasta quedar al alcance dos nenos, que dudaron al vela.

–¡Coyédela! ¡É vosa! ¡Nun pensedes qu'a os outros qu'el intentaron yes deixaron sequera vela!

Entoncias Nícer coyéula. E sentíu como se úa luz el bañara.

Y entoncias pasóu outra cousa.

–¡Pero se son dúas! –dixo Deva, sorprendida.

–¡Esa cóyela tu! –berróuye a muyer veya.

E Deva coyéula.

A mao, sin duda d'úa rapaza nova, volvéu debaxo del augua, y el augua volvéuse mansa.

–¡Demostrado quedóu que sodes os fiyos de Clutoso y Exeria!

A muyer seguía mirando pa elos maraviyada, como se houbera muito tempo xa que deixara de crer na lenda.

Nicer colgóu a súa arracada da oreya esquerda; y Deva, a súa, da dereta. Y os dous quedaron mirando pá veya.

–Agora, por favor, cúntanos únde tán os nosos padres. Y a min, qué me pasa –dixo a nena.

A veya asentíu, inda máis contenta. Cada vez taba máis cerca, pensaba ela, el día en qu'os príncipes volveran al trono d'Albionia.

–Os vosos padres nun tán mortos. Leváronlos pa un lugar chamado Lucus.

–¿E por únde se vai? –perguntóu Deva.

–Por aí, por unde morre el sol –dixo ela, señalando máis aló da ponte.

–Pois imos –dixo Deva, mirando al monte.

Y, aló lonxe, úas oreyas erguéronse y al momento parecéu Ernes.

–Non, non –dixo a muyer veya, alarmada–. Tedes qu'ir a Cariaca, a recuperar el trono d'Albionia. Esa é a profecía.

A muyer quedara mui esmolida.

Entoncias Deva paróu a pensar.

–Ta ben –dixo despóis d'un pedazo mirando pa Nícer–. Vou ir eu sola. Tu vaite a Cariaca a recuperar el trono d'Albionia.

–¿Eu? –dixo Nícer, esmolido: nunca se separara de súa irmá–. ¡Se nada máis son un neno!

–E ten razón –medióu a muyer, movendo a cabeza d'arriba a abaxo.

Deva miróu pa ela e despóis pa Nícer, e, despóis, máis aló dos dous, por unde el sol xa parecera.

–Pro hasyes dar esperanza. Deixa que te vexan. Col arracada. Cuando atope a papá y a mamá, imos marchar a Cariaca.

Nicer asentíu, gacho, y a muyer, xa máis tranquila, indicóuye el camín cua mao.

-Tu vaite con Ernes. Eu paréceme que nun vou necesitar montura -dixo Deva, mirando a muyer que, pá súa sorpresa, chisgáraye un oyo.

-Claro que si, nenía, a unde vas nun precisas montura. Esos soños tous...

-¿Qué pasa? -perguntóu Deva, con interés.

-Nada, xa el descubrirás..., pro esos soños tous... nun son soños nada máis...

FIN

PARQUE HISTÓRICO
DEL NAVIA